

# **PROXECTO EDUCATIVO**

**Ceip cidade vella  
2021-2022**

## ÍNDICE.

1. INTRODUCCIÓN E MARCO LEGISLATIVO.
2. ANÁLISE DIAGNÓSTICA DO CENTRO DOCENTE.
  - 2.1. DATOS IDENTIFICATIVOS.
  - 2.2. DESCRICIÓN DO CONTORNO.
  - 2.3. SITUACIÓN SOCIO-ECONÓMICA DAS FAMILIAS.
  - 2.4. ANÁLISE DAFO.
3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.
  - 3.1. INSTALACIÓNS.
  - 3.2. UNIDADES DO CENTRO E ALUMNADO.
  - 3.3. HORARIO.
  - 3.4. PROFESORADO.
  - 3.5. PERSOAL NON DOCENTE.
4. PRINCIPIOS E FINS EDUCATIVOS.
  - 4.1. PRINCIPIOS.
  - 4.2. FINS.
5. ORGANIZACIÓN DO CENTRO.
  - 5.1. ÓRGANOS DE GOBERNO.
    - A) UNIPERSOAIS
    - B) COLEXIADOS
  - 5.2. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.
6. OBXECTIVOS DO CENTRO.
  - 6.1. ÁMBITO HUMANO.
  - 6.2. ÁMBITO INSTITUCIONAL.
  - 6.3. ÁMBITO PEDAGÓXICO.
- 6.4. ÁMBITO ADMINISTRATIVO.
7. CONCRECIÓN CURRICULAR.

- 7.1. Adecuación dos obxectivos de etapa.
  - 7.2. Distribución horaria das materias.
  - 7.3. Consecución das competencias para a etapa.
  - 7.4. Metodoloxía xeral.
  - 7.5. Avaliación.
8. AVALIACIÓN DO PROXECTO.
  9. DOCUMENTOS DE REFERENCIA.

## 1. INTRODUCCIÓN E MARCO LEGISLATIVO.

No artigo 121 da LOE, establécese que os centros deberán elaborar un PROXECTO EDUCATIVO seguindo as seguintes directrices:

O equipo directivo elaborará o PE partindo das características de situación, contorno, alumnado e profesorado do centro, tendo en conta as propostas de concrecións curriculares aportadas polo Claustro. Posteriormente será aprobado polo consello escolar.

Unha copia do PE quedará na secretaría e estará dispoñible na páxina web (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcidadevella/>) a disposición de toda a Comunidade Educativa, outro exemplar entregaráselle á ANPA e un terceiro remitirase á Inspección Educativa.

Os apartados que se incluírán no PEC serán os seguintes:

- o Análise e características do contexto e do centro.
- o Principios e fins educativos.
- o Organización do centro.
- o Obxectivos.
- o Concreción curricular.
- o Avaliación.
- o Documentos de referencia do centro.

O Consello Escolar avaliará e aprobará os seguintes proxectos e normas aos que se refire o capítulo II do título V da LOE.

- Proxecto educativo.
- Proxecto de xestión.
- Normas de organización e funcionamento.
- Programación Xeral Anual.
- Plan de convivencia.

A normativa a ter en conta á hora da elaboración do Proxecto Educativo é a seguinte:

- **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro.**
- **Decreto 330/2009, do 4 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia
- **Decreto 374/1996, do 17 de outubro**, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- **Orde do 22 de xullo de 1997**, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da consellería de educación e Ordenación Universitaria.
- **Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non Universitario de Galicia.
- **Lei 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Real Decreto 126/2015**, polo que se establece o currículo básico da educación primaria.
- **Orde do 25 de xuño de 2009**, pola que se regula a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde do 9 de xullo de 2016**, pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde ECD/65/2015**, pola que se describen as relación entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación de educación primaria.

Este documento marca a personalidade do centro e servirá de base para a elaboración das diferentes programacións. Así mesmo, complétase con outros documentos de xestión que se relacionan no derradeiro epígrafe.

## 2. ANÁLISE DIAGNÓSTICA DO CENTRO DOCENTE.

### 2.1. Datos identificativos do centro.

Nome:	<b>CEIP CIDADE VELLA</b>
Dirección:	Rúa Ferrerías 1, 15001 A Coruña.
Telefono e Fax:	881960701 881960707.
Email:	ceip.cidade.vella@edu.xunta.gal
Titularidade:	Colexio de Educación Infantil e Primaria dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
Niveis que se imparten:	Educación Infantil e Primaria .
Horario xeral:	Xornada continua.
Horario lectivo:	de 09:00 a 14:00 horas, de setembro a xuño.
Horario de comedor:	de 14:00 a 16:00 horas, de setembro a xuño.
Act. extraescolares:	de 16:00 a 18:00 horas, de luns a venres.

### 2.2. Descrición do contorno.

O Ceip Cidade Vella atópase situado na parte máis antiga da cidade de A Coruña. A maioría do alumnado reside na limitación xeográfica que lle corresponde ó centro segundo as zonas establecidas polo concello e case todos/as veñen andando, sendo contados os/as alumnos/as procedentes doutras zonas da cidade ou doutras localidades, os cales usan o transporte público ou vehículos particulares para desprazarse ata o colexio.

As rúas do barrio son, en xeral, estreitas e a meirande parte dos edificios teñen bastantes anos de antigüidade, aínda que nos últimos tempos estanse levando a cabo obras de restauración e mellora, así como construción de novos edificios, polo que tende a mellorar o nivel e calidade de vida que ofrece a zona.

En canto a servizos a zona conta con outros centros educativos, mentres que os parques, espazos de recreo e xogo ou as instalacións deportivas son escasas; existen algunhas asociacións culturais e deportivas e o barrio atesoura edificios relixiosos así como edificacións históricas que lle dan á zona unha gran monumentalidade.

### 2.3. Situación socio-económica das familias.

A poboación está configurada por familias asentadas dende hai tempo no barrio xunto con residentes máis recentes procedentes de outros pobos, localidades ou barrios da cidade e que soen instalarse nas edificacións máis novas.

Dende o punto de vista económico e laboral a situación é diversa; habendo familias en que soamente ten traballo remunerado un dos proxenitores e outras nas que traballan ambos.

Os veciños traballan fundamentalmente no comercio, os servizos e a industria. Os pais e nais do alumnado posúen os estudos elementais ou medios, tendo unha boa parte estudos universitarios.

Pódese concluír que o nivel socioeconómico e cultural das familias é, en xeral, medio-alto.

### 2.4. Análise DAFO.

- **Debilidades:** As instalacións son moi reducidas, tanto o tamaño das aulas, que en moitos casos necesitan reparacións, como o do patio de recreo, no que ao chober, aínda que está cuberto entra igualmente a auga.
- **Ameazas:** A presenza doutro centro educativo, de carácter concertado, que ofrecen as mesmas ensinanzas, que posúe mellores instalacións e ten máis oferta de prazas, fan que as familias non sempre se decanten por este centro á hora de matricular aos seus fillos.
- **Fortalezas:** A maior porcentaxe do profesorado ten praza definitiva no centro, o que permite que os obxectivos poidan plantexarse a longo prazo, pois é moi probable a continuidade do profesorado.
- **Oportunidades:** A zona na que se atopa o centro, a cercanía a outros barrios e as posibilidades para chegar ao centro, especialmente camiñando, permiten moita comodidade ás familias.

### 3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.

#### 3.1 Instalacións do centro.

O edificio consta de dúas plantas, distribuídas do seguinte modo:

##### PLANTA BAIXA

- 3 aulas de E.I.
- 1 aula de E.P.
- 1 aula de P.T.
- 1 aula de Relixión C.
- 1 aula de Música.
- 1 aula de Informática.
- 1 espazo que fai as veces de ximnasio.
- Comedor escolar.
- Conserxería.
- 2 baños de alumnado.
- 1 pequeno vestiario.

##### PLANTA ALTA

- 5 aulas de E.P.
- 1 aula de A.L.
- 1 aula de orientación.
- 1 Biblioteca.
- 1 pequeno salón de actos.
- 1 sala de mestres/as.
- 1 despacho de dirección
- 1 despacho de secretaría / xefatura de estudos.
- 2 baños de alumnado.
- 2 baños de mestres.



- 1 aula de inglés.

O centro conta ademais con:

- Patio cuberto cunha pista polideportiva.
- Patio cuberto pequeno.
- Patio aberto con zona de parque infantil.

### 3.2 Unidades do centro e alumnado.

#### TOTAL ALUMNADO E GRUPOS

##### ALUMNOS/AS

Grupo	Educación infantil			Educación primaria					
	3 anos	4 anos	5 anos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
A	18	14	23	20	20	25	21	22	24
Total alumnos/as	<b>18</b>	<b>14</b>	<b>23</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>25</b>	<b>21</b>	<b>22</b>	<b>24</b>
	<b>55</b>			<b>132</b>					
	<b>187</b>								

##### GRUPOS

	Educación infantil			Educación primaria					
	3 anos	4 anos	5 anos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Total grupos	1	1	1	1	1	1	1	1	1
	<b>3</b>			<b>6</b>					
	<b>9</b>								

### 3.3. Horario.

O Centro ten xornada lectiva continuada de mañá, de 9:00 a 14:00 horas durante todo o curso. O alumnado de educación infantil que se incorpore ao centro farao de xeito progresivo no mes de setembro para o que se programará o período de adaptación á escola.

Todos os luns lectivos, en sesión de tarde de 16,00 h. ata as 19,00 h. realízanse tarefas de carácter titorial e atención a pais/nais, e lévanse a cabo as reunións de traballo dos diferentes equipos.

Por mor da pandemia establecéronse tres quendas de recreo, dividido a súa vez en tres zonas diferenciadas, permanecendo en cada unha só o grupo-clase:

1º Recreo de 11:00 a 11:25 horas: 4º, 5º e 6º de Educación Infantil.

2º Recreo de 11:30 a 11:55 horas: 1º, 3º e 5º de Educación Primaria.

3º Recreo de 11:55 a 12:20 horas: 2º, 4º e 6º de Educación Primaria.

O profesorado fai garda por quendas nas distintas zonas do recinto. O número de mestres e mestras en cada patio está fixado pola Orde do 22 de Xullo de 1997 (DOG 02/09/97).

O servizo que se realiza é activo, procurando prestar atención a todo o alumnado e en especial ás relacións que se establezan entre eles e elas para fomentar un bo clima de convivencia. Despois ou antes do recreo (dependendo da aula) establécese a sesión diaria de lectura (20 minutos) e a hora da merenda.

Tamén se oferta, despois do tempo lectivo, un servizo de **comedor**, de 14:00 a 16:00 horas, para todo o alumnado que o solicitou no seu prazo e foi admitido e as **actividades extraescolares**, que comezan ás 16:00 e rematan ás 18:00 horas; cada curso organízase o calendario e espazos a utilizar segundo a programación da que queda constancia na Programación Xeral Anual. Ambos servizos xestionados pola ANPA Herrerías.

### 3.4. Profesorado

O catálogo de postos de traballo do centro é de 14 mestres/as (máis o director que se atopa en Comisión de Servizos), correspondendo ás seguintes especialidades:

4 Educación Infantil.

5 Educación Primaria.

- 1 Lingua Inglesa.
- 1 Educación Física.
- 1 Educación Musical.
- 1 Pedagogía Terapéutica.
- 1 Lingua Francesa.

Contamos, así mesmo, co seguinte persoal docente compartido:

- 1 Mestra de Relixión Católica. (compartida co Ceip Manuel Murguía).
- 1 Mestra de Audición e Linguaxe (compartida co Ceip San Francisco Javier).
- 1 Orientadora (compartida co Ceip Sanjurjo de Carricarte).
- 1 Mestra de Pedagogía Terapéutica (compartida co Ceip Sanjurjo de Carricarte).

### 3.5. Persoal non docente.

O centro dispón do seguinte persoal non docente:

- 1 conserxe do Concello de A Coruña.
- 2 persoas como persoal de limpeza.
- 1 coidadora.

### 3.6. Relacións co contorno e as familias.

O centro aposta por manter sempre as mellores relacións coas familias e as institucións con que se relaciona, buscando sempre a fluidez, o trato respectuoso, a colaboración e a participación en todas as actividades propostas.

Poñemos especial atención na relación coas familias, coa Anpa e co Concello de A Coruña.

#### A) RELACIÓN COAS FAMILIAS:

A escola non pode nin debe pretender substituír á familia, senón compartir a responsabilidade de educar e instruír aos nenos e ás nenas. Canto máis se coñezan os educadores e as familias, máis se favorece o benestar dos rapaces. A cordialidade das

relacións escola-familia e a confianza entre pais e educadores son básicas en calquera etapa educativa.

Para chegar a bo fin nesta tarefa compartida, existen dúas vías complementarias de participación:

o A través dunha implicación das familias no proceso educativo que conleve:

- Un consenso familia-escola.
- Unha comunicación fluída e constante.

o A través do Consello Escolar, coa súa cooperación na organización do Centro.

No que respecta á primeira vía, é dicir, á implicación das familias no proceso educativo, nalgúns casos non é doado establecer una boa corrente comunicativa, pero sabemos que esta comunicación é importante de cara ao éxito da actuación da escola. Os recursos e estratexias para conseguir este obxectivo serán:

o Reunións xerais nas que cada titor/a convoca a todas as familias do seu grupo para tratar temas de interese xeral: normas, horarios, obxectivos a conseguir en cada materia, saídas culturais, festividade a celebrar...

o Entrevistas individuais que deberán levarse a cabo nun ambiente relaxado e distendido.

Servirán para establecer ou retomar as relacións familias-escola e para recabar datos sobre:

- Datos persoais de saúde, relación con outros nenos, xogos preferidos, relación cos adultos, cos irmáns, cos pais...
- A situación socioambiental do neno.

Ademais, fíxanse uns horarios semanais de titorías e atención aos pais/nais/titores legais todos os luns lectivos do curso entre as 16,00 e as 17,00 horas.

## B) RELACIÓN COA ANPA:

- As relacións coa Anpa Herrerías (<https://anpaherrerias.blogspot.com/>) son excelentes, xa que dende o principio de curso se mantiveron diferentes reunións de intercambio de opinións, colaboracións e participación en actividades (talleres de igualdade...).
- Durante os vindeiros cursos retomaremos a realización de diversas actividades nas que colaboraba o Anpa e que por mor da pandemia foron adiadas (festas, actividades extraescolares...).
- A Anpa é a encargada de xestionar as actividades extraescolares e o comedor escolar ás que acude o alumnado con carácter voluntario, polo que poderá facer uso das instalacións do centro, facéndose cargo dos posibles desperfectos que poidan xurdir no desenvolvemento das mesmas.

## C) RELACIÓN CO CONCELLO:

- Convocatoria de concursos dirixidos aos escolares da zona.
- Organización de actividades culturais con motivo de distintas conmemoracións (Samaín, Entroido...)
- Organización de actividades extraescolares nas que poden participar todos/as os/as alumnos/as do centro (teatro, concerto, visitas guiadas...)

## 4. PRINCIPIOS E FINS EDUCATIVOS.

### 4.1. Principios:

Tendo en conta as necesidades do alumnado buscaremos que desenvolvan as súas capacidades para alcanzar os obxectivos propostos.

- A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.

- A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade.
- A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- A concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida.
- A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que se produzan na sociedade.
- A orientación educativa dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.
- O esforzo individual e a motivación do alumnado.
- O esforzo compartido por alumnado, familias, profesorado, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade.
- A autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares no marco das competencias e responsabilidades que corresponden ao centro.
- A participación da comunidade educativa na organización, goberno e funcionamento do centro.
- A educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica, así como a non-violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.

- A consideración da función docente como factor esencial da calidade da educación, o recoñecemento social do profesorado e o apoio á súa tarefa.
- O fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.
- A avaliación tanto na programación e organización e nos procesos de ensino e aprendizaxe como nos seus resultados.

#### 4.2. Fins:

Son as metas que queremos alcanzar.

- O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades do alumnado.
- A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.
- A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos, así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e o medio ambiente.
- O desenvolvemento da capacidade do alumnado para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.



- A capacitación para a comunicación nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma e nunha lingua estranxeira. Potenciarase o ensino da lingua galega de xeito que se garanta un efectivo dominio da mesma en igualdade co da lingua castelá. A lingua galega será a lingua de relación do centro coas outras administracións e cos distintos sectores da comunidade educativa.
- A preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación as situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

## 5. ORGANIZACIÓN DO CENTRO.

### 5.1. Órganos de goberno.

#### A) Unipersoais: equipo directivo:

- Director: as súas competencias veñen recollidas no artigo 132 da LOE, tendo en conta as modificacións introducidas pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro.
- Xefa de estudos: As súas funcións veñen recollidas no artigo 34<sup>º</sup> do Decreto 374/1996 (DOG do 21-10-96).
- Secretaria: As súas funcións veñen recollidas no artigo 35<sup>º</sup> do Decreto 374/1996 (DOG do 21-10-96).

#### B) Colexiados:

- Claustro de Profesores: É o órgano pedagóxico supremo do Centro Escolar. A súa composición e competencias veñen recollidas nos artigos 128 e 129 da LOE.
- Consello Escolar: É o órgano máximo de participación dos diferentes sectores da Comunidade Educativa. A súa composición vén recollida no artigo 126 da LOE e as súas competencias veñen recollidas no artigo 127 da LOE, coas modificacións introducidas pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro.



## 5.2. Órganos de coordinación docente.

- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA. A súa composición e competencias veñen reguladas nos artigos 61º e 62º do Decreto 374/1996 (DOG do 21-10-96).
- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.
- EQUIPO DE CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.
- EQUIPOS DE NIVEL: Coa LOMCE desaparecen os ciclos na Etapa de Educación Primaria, pero en Claustro decidiuse que, para un mellor funcionamento, se formen equipos cun representante que será o que acuda ás reunións da comisión de coordinación pedagóxica e ás do departamento de orientación.
- EQUIPOS DE TRABAJO:
  - Biblioteca.
  - Actividades Complementarias e Extraescolares.
  - Dinamización da lingua galega: as súas funcións veñen reguladas na Orde do 17 de xullo de 2007 (DOG do 24-07-07).
  - Dinamización das TIC.

## 6. OBXECTIVOS DO CENTRO.

### 6.1. Ámbito humano.

- Formar ao alumnado en igualdade, sen ningún tipo de discriminación e eliminando estereotipos en relación aos roles do home e da muller na sociedade.
- Educar no respecto aos valores morais e cívicos.
- Desenvolver actitudes e hábitos de cooperación a través do traballo en equipo.
- Educar para a paz e no desenvolvemento de actitudes pacíficas.
- Propiciar a autonomía do alumnado a través da adquisición de hábitos de estudo, orde e traballo.
- Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal.

- Desenvolver un plan de acción tutorial que proporcione aos/ás alumnos/as o coñecemento do seu contorno físico, social e educativo.
- Adecuar o currículo aos diferentes ritmos de aprendizaxe con especial atención aos/ás alumnos/as con necesidades educativas especiais.
- Favorecer a socialización do alumnado propiciando a consecución de destrezas que faciliten a súa integración.
- Desenvolver no alumnado a imaxinación, a orixinalidade e o espírito crítico.
- Valorar criticamente os hábitos relacionados coa saúde, consumo e medio ambiente.
- Educar para un consumo responsable.
- Educar para unha boa utilización do tempo de lecer.

## **6.2. Ámbito institucional.**

- Fomentar a relación do centro co entorno social, económico e cultural.
- Potenciar a coordinación e o traballo en equipo do profesorado.
- Fomentar e facilitar a participación de todos os sectores da comunidade educativa.
- Impulsar e favorecer a participación do profesorado en actividades de formación permanente, dentro e fóra do centro.
- Implicar ás familias do alumnado no proceso educativo e fomentar a súa participación na vida do centro.
- Colaborar co centro de formación do profesorado.
- Colaborar co concello nas actividades organizadas por este e dirixidas á formación do alumnado.

## **6.3. Ámbito pedagógico.**

- Facilitar a adquisición e desenvolvemento de hábitos de estudo, técnicas de traballo e coñecementos nos eidos físico, cognitivo, afectivo e social.

- Transmitir ao alumnado o coñecemento e apreciación dos valores e as normas de convivencia, das leis e dereitos humanos fundamentais, proporcionando a súa experiencia no centro.
- Potenciar a igualdade de oportunidades para que non se produza discriminación algunha por razón de sexo, así como atender á diversidade cando as condicións persoais presenten algún tipo de discapacidade ou por calquera outro motivo como raza, relixión, recursos económicos, etc.
- Fomentar experiencias relacionadas coas novas tecnoloxías da información e comunicación, utilizándoas como un método moi efectivo na transmisión de coñecementos e información, facendo que a aprendizaxe do noso alumnado sexa moito máis real e integrado no mundo que lles vai tocar vivir.
- Estimular o tratamento dos temas transversais: educación para a saúde, ambiental, vial, o consumo, a paz...como parte integrante da actividade cotiá.
- Transmitir ao alumnado o coñecemento e apreciación dos valores e as normas de convivencia, das leis e dereitos humanos fundamentais, proporcionando a súa experiencia no centro.
- Desenvolver nos alumnos e alumnas as seguintes competencias:
  1. Competencia en comunicación lingüística.
  2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
  3. Competencia dixital.
  4. Aprender a aprender.
  5. Competencias sociais e cívicas.
  6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.
  7. Conciencia e expresións culturais.
- Utilizar unha metodoloxía globalizadora partindo dos intereses e necesidades do alumnado.

## 6.4. Ámbito administrativo.

- Realizar unha xestión administrativa e económica eficaz e transparente.
- Realizar un plan de comunicación para lograr un sistema de comunicación áxil e eficaz entre toda a comunidade educativa.
- Utilizar a lingua galega como lingua oficial nas relacións externas do centro: escritos, circulares...
- Dar visibilidade do traballo do centro a través da páxina web do mesmo.

## 7. CONCRECIÓN CURRICULAR

### 7.1. Adecuación dos obxectivos de etapa.

Veranse plasmados nas Programcións Didácticas que elaboramos anualmente.

### 7.2. Distribución horarias das materias.

Horario semanal de Ed. Primaria. Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

	SESIÓNS/CURSO					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua Galega e Literatura	4	4	4	4	4	4
Lingua Castelá e Literatura	4	4	4	4	4	4
Matemáticas	5	5	4	4	4	4
Ciencias Sociais	2	3	2	3	2	2
Ciencias da Natureza	3	2	3	2	3	2
Lingua estranxeira: Inglés	2	2	3	3	3	3
<b>ATA AGORA NA LOMCE ED. ARTÍSTICA</b> Educación Plástica e Visual	1	1	1	1	1	1
Música e Danza	1	1	1	1	1	1
Educación Física	2	2	2	2	2	2
Relixión / Proxecto competencial	1	1	1	1	1	1
<b>NOVA</b> Educación e Valores Cívicos e Éticos						1
<b>TOTAIS</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>

### 7.3. Consecución das competencias para a etapa.

As competencias, para o decreto 105/2014, son as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza á etapa educativa referente.

A competencia e a forma en que as persoas logran mobilizar todos os seus recursos persoais (cognitivos, afectivos, sociais, etc.) para acadar o éxito na resolución dunha tarefa en diferentes contextos definidos. As competencias constitúen un tipo de aprendizaxe que se sitúa entre os comportamentos e as capacidades.

Para o efecto do decreto as competencias clave son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Debe potenciarse o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

No noso centro as prioridades competenciais que debemos conseguir co alumnado ao rematar a Etapa de Educación Primaria, son as seguintes:

#### COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA.

o Utilizará a lingua oral e escrita en múltiples contextos e empregará de forma funcional a primeira lingua estranxeira.

## COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA.

o Empregará, espontaneamente, nos ámbitos persoal e social, os elementos e razoamentos matemáticos para interpretar e producir información e para resolver problemas que se dan en situacións cotiás.

## COMPETENCIA DIXITAL.

o Fará uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de modo eficiente.

o Avaliará e seleccionará novas fontes de información e innovación tecnolóxicas a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade, para acometer tarefas ou obxectivos específicos.

o Ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e empregar a información, as súas fontes e as distintas ferramentas tecnolóxicas.

## COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER.

o Xestionará e controlará as súas propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de autonomía persoal.

## COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA.

o Comprenderá a realidade social na que vive.

o Afrontará a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado en prácticas democráticas.

o Exercerá a cidadanía actuando con criterio propio.

o Contribuirá á construción da paz e a democracia, mantendo unha actitude solidaria e responsable ante o cumprimento dos dereitos e obrigas.

## SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR.

o Imaxinará, emprenderá, desenrolará e avaliará accións e proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e espírito crítico.

o Acadará cualidades e habilidades persoais, sociais, e de liderazgo.

## CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS.

o Terá adquirido un coñecemento básico das manifestacións culturais e artísticas fundamentais.

o Adoptará unha actitude respectuosa e crítica ante as distintas manifestacións culturais e artísticas, e o desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora.

o Amosará interese por participar na vida cultural e por contribuír a conservar o patrimonio artístico e cultural.

### 7.4. Metodoloxía xeral.

A comunidade educativa considera moi importante o proceso de aprendizaxe do noso alumnado. Por iso cremos oportuno que o/a alumno/a sexa protagonista activo do seu propio proceso, proporcionándolle os recursos materiais e humanos necesarios para conseguir o seu pleno desenvolvemento.

- Farase de xeito que a aprendizaxe sexa significativa (relacionada cos coñecementos previos e centros de interese).
- De forma globalizada e secuencializada gradualmente.
- Buscaremos unha aprendizaxe comprensiva máis que memorística.

A nosa metodoloxía será:

- Activa.
- Participativa.



- Individualizada.
- Socializadora.
- Motivadora.
- Potenciadora da autoestima e o éxito.

Todo iso encamiñado a conseguir que os nosos alumnos sexan:

- Responsables.
- Autónomos.
- Sociables.
- Tolerantes.
- E que aprendan a vivir en sociedade.

### 7.5. Avaliación.

Para realizar a avaliación teremos en conta as características singulares do alumnado e o contexto sociocultural no que está enmarcado o centro.

#### A) EDUCACIÓN INFANTIL. (Orde do 25 de xuño de 2009).

A avaliación dos nenos e nenas en educación infantil terá, como principal obxectivo, ofrecer información de como se está desenvolvendo o proceso educativo para unha intervención máis axeitada cara a mellora. Para iso, a avaliación debe explicar e describir os progresos que os nenos e nenas realizan e as dificultades coas que se encontran, así como as estratexias e recursos que se poñen en xogo en dito proceso. Isto permitirá o axuste progresivo da axuda pedagóxica ás súas características e necesidades particulares por parte dos profesionais da educación. De maneira concreta empregaremos os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:



PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
Observación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Diario.</li> <li>- Anecdótico.</li> <li>- Boletín informativo trimestral de información ás familias.</li> <li>- Ficha persoal do/a alumno/a.</li> </ul>
Traballos de clase.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Traballos individuais.</li> <li>- Diálogos e conversas na assemblea.</li> <li>- Participación activa nas actividades comúns e/ou colectivas.</li> </ul>
Entrevistas coas familias.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cuestionarios.</li> <li>- Rexistros.</li> </ul>

**B) EDUCACIÓN PRIMARIA. (Orde do 09 de xuño 2016).**

En cada un dos cursos, os titores/as realizarán unha avaliación inicial do alumnado que se completará coa análise dos datos e información recibidas do/a titor/a do curso anterior. Isto permitirá adoptar as medidas de reforzo e de recuperación para o alumnado que o precise, así como as decisións oportunas sobre a programación a elaborar.

Ao finalizar cada curso, o profesorado que imparte cada clase a cada grupo de alumnos/as, levará a cabo a avaliación final dos resultados acadados polo alumnado. A valoración dos resultados consignarase nos documentos de avaliación.

Os docentes que imparten clase no curso deberán adoptar as medidas para que o cambio ao curso seguinte se leve a cabo coas garantías precisas de continuidade.

As principais decisións, incluídas as de promoción e acordos adoptados, serán recollidas nas actas das sesións de avaliación de final de curso.

A ponderación que se lle outorga a cada un dos instrumentos de avaliación empregados nas Programacións Didácticas á hora de obter a cualificación final do alumnado, reflectarase nas Programacións en función dos niveis e especialidade.

### C) CRITERIOS DE PROMOCIÓN.

- O alumnado promocionará ao curso ou etapa seguinte, sempre que se considere que ten superados os criterios de avaliación das diferentes áreas, cando lograse os obxectivos do curso ou etapa e teña acadado o grao de adquisición das competencias correspondentes.
- O alumnado que non superase os obxectivos do curso ou etapa ou que non acadase o grao de adquisición das competencias correspondentes, poderá repetir unha vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo, recuperación e apoio, que será organizado polo equipo docente correspondente.
- A decisión de non promoción, é unha medida excepcional e tomarase unha vez esgotadas o resto de medidas (reforzos, apoios...), unha vez escoitada a opinión das familias.
- O equipo docente decidirá sobre a promoción do alumnado, tendo especial consideración a opinión do/a titor/a.
- No caso de que o/a alumno/a promocione con avaliación negativa nalgunha área, deberá establecerse un plan de actuación dirixido á mesma.

### D) PLAN DE RECUPERACIÓN DO ALUMNADO.

Trátase de ofrecer a mellor axuda posible a un alumnado que se atopa nunha situación particular, ben por estar repetindo curso ou ben por promocionar con algunhas materias pendentes.

#### - PARA O ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO CURSO.

O alumnado non está no mesmo punto de partida cos seus compañeiros/as porque xa cursou o nivel. Terá adquiridos uns coñecementos determinados e terá que completalos cos que non adquiriu. Trátase de darlle máis tempo para chegar á meta, pero non de facerlle repetir o camiño. O equipo docente debe coñecer este punto de partida, saber que sabe e

que non sabe o/a alumno/a, posto que foi avaliado no seu momento. Tamén deberá avaliar o proceso seguido para intentar atopar outras vías alternativas que lle faciliten a consecución dos obxectivos propostos.

- PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONA CON ALGUNHA MATERIA PENDENTE.

Trátase dun alumnado que se atopa en inferioridade de condicións que o resto dos seus compañeiros/as: ademais de enfrontarse ás dificultades dun nivel educativo superior, faino cun desfase curricular e competencial. Polo tanto, teremos que establecer o diagnóstico para elaborar un plan axeitado ás súas necesidades. Algunhas das materias non superadas terán continuidade no novo curso e, incluso, apoiaranse en coñecementos que tería que ter adquiridos. Outras materias perden vinculación e non teñen continuidade no novo nivel, polo que teremos que facer un plantexamento diferenciado para unhas e outras.

## 8. AVALIACIÓN DO PROXECTO.

Este Proxecto Educativo será sometido a unha avaliación periódica para que sirva como elemento eficaz e útil na mellora da xestión do Centro.

A avaliación será continua, formativa e sumativa tendo como referencia os obxectivos do Proxecto e a estrutura organizativa do Centro.

### 1.- Avaliación continua.

Formará parte do proceso da actividade do Centro e orientarase de modo que proporcione á Comunidade Educativa unha información permanente do seu funcionamento.

### 2.- Avaliación formativa.

A avaliación terá, tamén, un carácter formativo. Estará orientada a mellorar o proceso e os resultados permitindo unha adecuación en cada momento para evitar a aparición de dificultades ou detectalas a tempo e poder facer os axustes necesarios.

### 3.- Avaliación sumativa.

O seu obxecto é a comprobación de resultados analizando o programa na súa totalidade, pódese interpretar como unha rendición de contas.

Consideramos o seu contexto, o seu deseño e os obxectivos, así como os procesos de aplicación.

Valoraremos como resultado final a adaptación ás necesidades que veñen determinadas pola práctica escolar cotiá o que nos proporcionará o grao de consecución dos obxectivos.

Este proceso de avaliación extenderase a todos os documentos que constitúen o Proxecto Educativo do Centro.

Ademais teremos en conta unha serie de indicadores, coa fin de mellorar o proxecto:

Inventario de indicadores para a valoración do proxecto educativo do centro.
1. O PE é un claro reflexo da identidade do centro.
2. O PE responde ás necesidades do entorno e do alumnado.
3. O PE responde ás intencións educativas actuais.
4. O PE é suficientemente coñecido pola comunidade educativa.
5. Os principios e fins educativos son compartidos.
6. A revisión do PE está organizada e parte da experiencia compartida.
7. O documento do PE respecta a estrutura proposta pola lexislación vixente.

8. Os obxectivos que se desenvolven estanse levando á práctica.

9. Compártese a organización e funcionamento do centro reflectido no PE.

10. É útil para definir e describir as actuacións que se realizan no centro.

11. É unha ferramenta de consulta e apoio.

Será o Claustro de profesores/as, nunha tarefa promovida e coordinada polo Equipo Directivo o que fará a avaliación de carácter, fundamentalmente, técnico-curricular e será Consello Escolar asesorado, así mesmo, polo Equipo Directivo o que supervisará e avaliará o seu cumprimento.

## 9. DOCUMENTOS DE REFERENCIA.

Este Proxecto Educativo de Centro referenciará tamén aos seguintes documentos de xestión e organización que se revisarán e actualizarán periódicamente.

- Programacións Didácticas.
- Programación Xeral Anual e a súa memoria.
- Plan de Convivencia.
- Normas de Organización e Funcionamento.
- Plan de Igualdade.
- Proxecto de Xestión dos recursos.
- Plan de Autoprotección.
- Proxecto Lector.
- Plan de acción tutorial.
- Plan de Atención á Diversidade.
- Proxecto Lingüístico.
- Programa de actuacións da Biblioteca.

- Programa de actividades Extraescolares e Complementarias.
- Plan Dixital.

O presente Proxecto Educativo foi informado ao Claustro, avaliado positivamente e aprobado polo Consello Escolar na reunión celebrada o 29 de xuño de 2022.

### O DIRECTOR

44464921X Firmado  
digitalmente por  
MARCOS 44464921X  
BOVEDA (R: MARCOS BOVEDA  
(R: Q6555002B)  
Q6555002B) Fecha: 2022.07.05  
12:18:43 +02'00'

Asdo: Marcos Bóveda González.